

memoria dixital de Galicia

*preservar a memoria do pasado
garantir a memoria do futuro*



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL

"Unha maneira de facer Europa"



XUNTA
DE GALICIA

Convocatoria

RESOLUCIÓN do 9 de xullo de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para **a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia**, e se procede a súa primeira convocatoria para os anos 2018-2019, cofnanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Convocatoria

Finalidade: potenciar a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia e a súa recolección, preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia mediante o financiamento de proxectos de dixitalización accesibles en liña, e coas adecuadas medidas de preservación de bens que formen parte do patrimonio cultural de Galicia, conforme o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Destinatarios: Entidades e organizacións, públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que dispoñan de actvos do patrimonio cultural de Galicia susceptibles de ser incorporados e difundidos a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

Importe da convocatoria: 800.000€

Prazo de presentación: 19.07.2018→20.08.2018.

Resolución definitiva...

Resolución definitiva : 11 de febreiro de 2019

Beneficiarios: Resultan beneficiarios **20 proxectos** por un importe total de 712.133,85€

- 10 concellos:

Perfil	Solicitante	Obxecto de dixitalización
B	Concello da Coruña	Creación de recursos digitais a partir de los fondos patrimoniales gallegos custodiados por la Biblioteca Municipal de Estudos Locais (A Coruña). Finales del XIX y primera mitad del XX
A	Concello de Avión	Dixitalización da parte histórica do arquivo municipal
A	Concello de Betanzos	Dixitalización das actas capitulares dos séculos XIX e XX do arquivo municipal
A	Concello de Marín	Dixitalización do arquivo municipal.
A	Concello de Muros	Dixitalización e descrición do Fondo Documental Histórico.
A	Concello de Ortigueira	Dixitalización dos libros de acordos do Concello. 1549-1900
A	Concello de Pol	Dixitalización de manuscritos contemporáneos do arquivo municipal
A	Concello de Ribadeo	Dixitalización libros de actas de sesión do concello. (1825 – 1973)
A	Concello de Riveira	Dixitalización de documentación histórica do concello
A	Concello de Vimianzo	Recuperación dos documentos históricos do Arquivo Municipal. Finais XIX e principios do XX

- 10 institucións sen fin de lucro, organismos públicos e universidades:

Perfil	Solicitante	Obxecto de dixitalización
B	Asociación de Amigos de los Caminos de Santiago de Madrid	Dixitalización de obras pertencentes al patrimonio bibliográfico gallego custodiadas por la AACSM
A	Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego	Dixitalización fondo Blanco Cicerón
A	Fundación 10 de Marzo	Dixitalización do Arquivo da Fundación 10 de Marzo. Carteis, prensa pública e Fondo Manuel Amor Deus
A+B	Fundación Pedro Barrié de la Maza	Arquivo fotográfico Moncho Sabin. Finais dos anos 70 e os anos 90
A	Fundación Rosalía de Castro	Dixitalización arquivo Fundación Rosalía de Castro
A	Fundación Uxío Novoneyra	Proxecto do “Arquivo Novoneyra” é potenciar a dixitalización do seu patrimonio documental e bibliográfico
A	Fundación Vicente Risco	Fondo Documental Fundación Vicente Risco
B	Real Academia Galega	Dixitalización de publicacións periódicas históricas da real academia galega do século XIX e principios do XX
A	Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	Arquivo de temática Xacobeana en formatos antigos.
A+B	Universidade de Santiago de Compostela	Dixitalización de manuscritos dos séculos XV a XIX da Biblioteca e o Arquivo Universitarios de Santiago de Compostela.

Modificada por

RESOLUCIÓN de 8 de febrero de 2019 pola que se **modifica a Resolución de 9 de xullo de 2018** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede a súa primeira convocatoria para los años 2018-2019, cofinanciada col Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Prazos

- **Plan de proxecto:** Con data límite do 1 de abril de 2019 as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa do plan e comezo do proxecto.
- **Execución:** A execución dos investimentos subvencionables levarase a cabo antes do 15 de novembro de 2019.
- **Xustificación:** A documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención deberá presentarse en todo caso antes do 1 de decembro de 2019.

Gastos e Pagamentos

- As persoas beneficiarias recibirán un pagamento anticipado do **80 % do importe da subvención concedida.**
- No caso de non estar excluído de presentación de garantía deberá presentarse previamente.
- O pagamento do importe restante **(20 %)** realizarase **unha vez xustificando o cumprimento da finalidade da subvención.**

Gastos subvencionables

- Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e deberán estar realizados e efectivamente pagados **entre o 1 de xaneiro do ano da respectiva convocatoria (01/01/2018)** e o momento da conclusión do prazo de realización da actividade, que será o que se determine nas convocatorias ditadas ao abeiro das presentes bases reguladoras. **Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de execución do proxecto (15/11/2019).**

Gastos subvencionables

- Investimentos que estean directamente relacionados e sexan necesarios para a realización dos proxectos subvencionados .
Procesos sistemáticos de dixitalización e asignación de metadatos:
 - Contratación de persoal específico
 - Contratación de servizos externos
 - Prezo / páxina dixitalizada + metadatos

Plan de proxecto

- **Plan de proxecto:** Con data límite do **1 de abril de 2019** as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa do plan e comezo do proxecto.
- Debe indicar **como mínimo:**
 - Ano da convocatoria, identificación do beneficiario, título do proxecto.
 - Data estimada de comezo dos traballos
 - Duración estimada dos traballos.
 - Cronograma e descrición das tarefas a desenvolver en cada unha das fases programadas(1)
 - Outros datos ou detalles relacionados co proxecto que o beneficiario considere de interese

⁽¹⁾ Síntese dos prazos e da descrición das actividades dos proxectos en relación coa dixitalización dos materiais, coa asignación de datos e metadatos que codifican a descrición dos obxectos dixitais e das diferentes actividades que levará a cabo o persoal adscrito ao proxecto.

Xustificación

- **Xustificación:** A documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención deberá presentarse en todo caso **antes do 1 de decembro de 2019.**
- Anexo II da RESOLUCIÓN do 9 de xullo de 2018 - **Manual para o cumprimento da xustificación das subvencións** para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia e a súa preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia
 - Memoria de actividades, elaborada conforme o anexo III da resolución,
 - Memoria económica, elaborada conforme o anexo IV da resolución
 - Achegaranse orixinais e fotocopias de todas as facturas e documentos de gasto relacionados
 - na memoria económica
 - Copia das imaxes e metadatos. As institucións solicitantes que son xestoras dun repositorio OAI-PMH caso deberán facilitar, ademais, a URL do repositorio.
 - Recolección dos metadatos por Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

Modificación da resolución (I)

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cando solicitar a modificación: Unha vez ditada a resolución de concesión, as persoas beneficiarias poderán solicitar a modificación do seu contido antes de que remate o prazo para a realización da actividade.

Requisitos: A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención, as actuacións subvencionables e non dar lugar a actuacións deficientes e incompletas.

Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

Modificación da resolución (II)

- **Documentación:** Á solicitude de modificación, que se realizará de conformidade co previsto nas presentes bases reguladoras, xuntarase unha memoria en que se expoñerán os motivos dos cambios, se xustificará a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, se indicará o orzamento modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos

Presentación da documentación

- Toda a tramitación deste procedemento realízase de xeito electrónico. Debe presentarse na **sede electrónica da Xunta de Galicia** <https://sede.xunta.gal> vinculado ao expediente que se está a tramitar, dispoñible na carpeta cidadá.